



**ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, E O CONCELLO DE A ESTRADA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN MÓDULO CUBERTO MULTIDEPORTE**

Asinado o 10/11/2023  
Santiago de Compostela,

**REUNIDOS**

Don Diego Calvo Pouso, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 65/2023, polo que se nomea vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Don José Carlos López Campos, alcalde do Concello de A Estrada ao abeiro do disposto no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

As partes recoñécense con capacidade para formalizar a presente addenda ao convenio asinado o 6 de xuño de 2023, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

Actuando todos eles coas facultades que os seus respectivos cargos e habilitacións lles confiren,

**MANIFESTAN**

I.- Conscientes da importancia da colaboración económica entre as Administracións Públicas para a realización de obras que beneficien ao conxunto das cidadáns para a realización da práctica deportiva, e nos obxectivos de potenciar o deporte base e de contribuír a unha mellor dotación das infraestruturas que permitiran satisfacer ás crecentes demandas sociais no ámbito deportivo, asinouse con data 6 de xuño de 2023 un convenio de cooperación entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de A Estrada para a construción dun módulo cuberto multideporte, segundo o recollido no proxecto básico e de execución, redactado polo arquitecto José Luís Domínguez González, de Domínguez e Asociados Arquitectura S.L.P.

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de dous millóns vinte e oito mil cincocentos oitenta e oito euros con setenta e dous céntimos (2.028.588,72 €) IVE incluído.



➤ A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (actualmente Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes), achegará a cantidade de un millón vinte e oito mil cincocentos oitenta e oito euros con setenta e dous céntimos (1.028.588,72 €) con cargo a aplicación orzamentaria 06.02.441A.760.0 código de proxecto 2013 00039 do orzamento de gastos da Secretaría Xeral para o Deporte para o exercicio 2023 e 2024.

|                       |              |
|-----------------------|--------------|
| Anualidade 2023 ..... | 150.000,00 € |
| Anualidade 2024 ..... | 878.588,72 € |

➤ O Concello de A Estrada achegará a cantidade de un millón de euros (1.000.000,00 €), con cargo a aplicación orzamentaria 0.340.6272202 do seu orzamento de gastos do exercicio 2023 e o compromiso de incorporar os remanentes de crédito na anualidade do 2024

|                       |              |
|-----------------------|--------------|
| Anualidade 2023 ..... | 868.825,39 € |
| Anualidade 2024 ..... | 131.174,61 € |

A cláusula quinta do convenio establece que o prazo para presentar a xustificación do convenio será **o 30 de novembro de 2023**, sen prexuízo da posibilidade de prorrogar dito prazo en virtude de causa debidamente xustificada.

Con data 2 de outubro de 2023 **o Concello solicita un reaxuste de anualidades, trasladando todo o gasto a realizar nas anualidades 2024 e 2025**, polos motivos que se relatan de seguido:

*"Visto que este Concello está próximo a asinar un acordo coa Deputación de Pontevedra para o obxecto do presente convenio, o que impediu que ata o día de hoxe se iniciase o correspondente expediente de licitación da obra.*

*Visto que o importe da licitación, así como os prazos que se recollen na lexislación de contratos do sector público, fan imposible poder xustificar a anualidade de 2023 dentro do prazo establecido, e que se indicaba anteriormente.*

*Visto que o prazo de execución da obra é de 14 meses, polo que tendo en conta o tempo de tramitación do expediente de licitación, resulta imposible que se remate ao longo do ano 2024, sendo preciso trasladar parte da execución ao ano 2025, tal e como se reflicte no novo plan de obra que se envía xunto co presente escrito.*

*Por todo o exposto, solicítase se proceda a reaxustar as anualidades que figuran no Convenio de acordo co novo plan de obra que se remite."*

Atendendo ao atraso na tramitación do expediente, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de A Estrada, acordan subscribir esta addenda consonte ás seguintes:

### CLÁUSULAS:

#### 1.-INVESTIMENTO PROGRAMADO E COFINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de dous millóns vinte e oito mil cincocentos oitenta e oito euros con setenta e dous céntimos (2.028.588,72 €) IVE incluído.

➤ A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, achegará a cantidade de un millón vinte e oito mil cincocentos oitenta e oito euros con setenta e dous céntimos (1.028.588,72 €) con cargo a aplicación orzamentaria 06.02.441A.760.0 código de proxecto 2013 00039 do orzamento de gastos da Secretaría Xeral para o Deporte para os exercicios 2024 e 2025

|                       |              |
|-----------------------|--------------|
| Anualidade 2024 ..... | 619.173,75 € |
| Anualidade 2025 ..... | 409.414,97 € |

➤ O Concello de A Estrada achegará a cantidade de un millón de euros (1.000.000,00 €), con cargo a aplicación orzamentaria 0.340.6272202 do seu orzamento de gastos do exercicio 2023 co compromiso de incorporar os remanentes de crédito na anualidade do 2024

|                      |                |
|----------------------|----------------|
| Anualidade 2024..... | 1.000.000,00 € |
|----------------------|----------------|

#### 2.-XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS

De acordo co artigo 8 do Decreto 193/2011 polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o Concello de A Estrada estará obrigado a xustificar o cumprimento da finalidade da subvención á realización da actividade e o seu custo real mediante a presentación cunha conta xustificativa integrada con carácter xeral pola documentación que se relaciona no artigo 10 do Decreto 193/2011, e que incorporará en todo caso a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

En todo caso, na xustificación deberá acreditarse o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios, así como doutras subvencións ou recursos á actuación subvencionada.

O período subvencionable da anualidade 2024 abranguerá dende o mes de marzo ata o 30 de novembro de 2024. No que respecta a anualidade 2025, o dito período incluírá os gastos correspondentes ao mes de decembro de 2024 así como os gastos correspondentes á anualidade 2025

O prazo para presentar a xustificación do convenio será **antes do 4 de decembro de 2024 para a 1ª anualidade e antes do 1 de novembro de 2025** no caso da 2ª anualidade.

Os pagos poderán facerse nun único aboamento, mediante certificación única, ou mensualmente, previa presentación da correspondente certificación de obra realizada ese mes e a xustificación de ter sido aboada polo Concello. A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes fará a súa achega nas certificacións iniciais, ata acadar, de acordo co artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o 80% do importe total da axuda, sen exceder da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. O 20% restante da axuda achegarase coa certificación final de obra.

No caso de aboamentos parciais o Concello está obrigado a presentar mensualmente a certificación de obra correspondente e a documentación xustificativa da mesma durante a duración do convenio.

En todo caso os pagos efectuaranse unha vez examinada e conformada a xustificación presentada polo concello

Tal e como o establece o artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, considérase que o concello ten o gasto realizado cando teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. A entidade local está obrigada a acreditar documentalmente a efectividade dos pagos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data de ingreso na conta bancaria do concello.

### **3.- REXISTROS PÚBLICOS DE AXUDAS**

As partes asinantes da addenda manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste addenda, así como o resto das especificacións contidas na mesma, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas da Xunta de Galicia, o concello consinte expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos á subvención obxecto deste convenio nos rexistros públicos citados, creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Así mesmo consinte na publicación da addenda que esixe a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno no artigo 15 referido as obrigas específicas de información sobre convenios.

#### **4.-VIXENCIA DO CONVENIO**

O período de vixencia do convenio comezará ao día seguinte da súa sinatura e estenderase ata o 31 de decembro do ano 2025, sen prexuízo da posibilidade de prorrogar dito período en virtude de causa debidamente xustificada sempre e cando se solicite cunha antelación mínima dun mes á data de finalización do prazo de xustificación.

As restantes obrigas manterán a súa vixencia ata o total cumprimento das previsións establecidas, de modo que se acaden os fins perseguidos por este convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data e hora sinaladas na sinatura electrónica.

O vicepresidente primeiro e conselleiro de  
Presidencia, Xustiza e Deportes

Diego Calvo Pouso

O alcalde de A Estrada

José Carlos López Campos